

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado e portavoz **Luis Villares Naveira**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á **creación urxente de tres xulgados do social en Galicia**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

#### I. A TUTELA XURISDICCIONAL DOS DEREITOS LABORAIS.

Os Xulgados do Social teñen a función de tutelar os dereitos dos traballadores e traballadoras, que son a parte feble das relacións laborais, e que sufriron con máis dureza as políticas de recortes en protección social e tiveron que aturar dúas reformas laborais inxustas nos últimos anos que debilitaron aínda máis a súa posición na defensa dos seus dereitos.

A xurisdición social eríxese así no derradeiro recurso da xente na defensa do seu dereito a traballar e contra os abusos nas relacións laborais.

A Xurisdición social en Galicia vive nunha situación de colapso estrutural, non conxuntural, provocada por unha deficiente dotación de medios persoais, tanto en relación á oficina xudicial como das prazas de maxistradas/os da xurisdición.

Por se isto fose pouco, a situación de crise económica, que o é tamén laboral e social, unida a dúas reformas laborais que facilitaron fraudulentamente o despedimento de traballadores/as e a vulneración dos seus dereitos, contribuíu a agudizar esta situación de colapso crónico, colocando aos Xulgados do Social na imposibilidade de atender os asuntos que ingresan nun tempo razoable, o que vulnera frontalmente o dereito á tutela xudicial efectiva recollido no art. 24.2 CE, que reconece o *dereito a un proceso sen dilacións indebidas*, e no art. 6.1. do Convenio Europeo de Dereitos Humanos que igualmente reconece o dereito a un proceso nun *prazo razoable*.

## II. A SITUACIÓN EN GALICIA SEGUNDO O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL.

A vulneración do dereito fundamental á tutela xudicial efectiva por este colapso estrutural está reflectida perfectamente na estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Entre os indicadores empregados polo Consello para avaliar a situación dos Xulgados está a Taxa de conxestión, que se define como "*o cociente onde o numerador esta formado pola suma dos asuntos pendentes ao comezo do período e os rexistrados nese período e onde o denominador son os asuntos resoltos no devandito período*". Tal como indica o Consello "*Un órgano, territorio ou xurisdición está en mellor situación canto **menor** sexa a súa taxa de conxestión*".

Toda taxa de conxestión superior a 1 implica que o órgano é incapaz de resolver todos os asuntos que lle entran, e polo tanto é un indicador

inequívoco da desviación do dereito á tutela xudicial efectiva.

Pois ben, a Estatística oficial dos tres primeiros trimestres do ano 2016 deitan un estremecedor resultado dunha taxa de **conxestión media para Galicia dun 2,27**.

Outro dos indicadores empregados para medir a capacidade dun xulgado de absorber o traballo xudicial é a Taxa de pendencia, que se define como *“Cociente entre os asuntos pendentes ao final do período e os resoltos nese período. Cando o período sexa distinto do ano ponderarase o número de asuntos resoltos para expresalo en termos anuais. Se se multiplica por 12 indica o número de meses que se necesitaría, co mesmo ritmo resolutivo e sen ningún ingreso, para acabar coa pendencia. A súa principal finalidade é permitir a comparación da pendencia de órganos, territorios, ou xurisdicións, ou destes ao longo do tempo. Un órgano, territorio ou xurisdición está **en mellor situación canto menor** sexa a súa taxa de pendencia.”*.

Pois ben, a **taxa de pendencia dos Xulgados do Social galegos é do 1,28**, o que implica que cada ano quedan pendentes de resolver máis dunha cuarta parte dos asuntos que entran.

As anteriores cifras amosan unha evidente situación de colapso estrutural da Xurisdición social no noso País, que merecería por si soa unha posta en cuestión da actual organización e planta xudicial, pendente dunha reforma e modernización que non chega nunca.

Mentres iso non sucede, cómpre abordar como solución parcial a dotación de máis medios persoais para estes Xulgados, tanto xurisdicionais como de

persoal ao servizo da Administración de xustiza.

### III. A SITUACIÓN ESPECIALMENTE GRAVE DOS XULGADOS DO SOCIAL DE VIGO, SANTIAGO E LUGO.

Resulta urxente, conforme cos datos oficiais achegados polo CXPX, a creación de cadanseu Xulgado do Social nas cidades de Vigo, Santiago e Lugo.

A media de pendencia nos **Xulgados do Social de Compostela** é de 2,61, é dicir, 1108,67 asuntos na última estatística. Isto implica que un xuízo por invalidez está tardando en sinalarse tres anos e medio (datos a outubro de 2016, segundo o Colexio de Avogacía de Compostela)

A media de **pendencia nos Xulgados do Social de Vigo** é de 568,60 asuntos por Xulgado. A razón conxuntural é a existencia dun maxistrado de reforzo, pero está estruturalmente necesitado da creación dun novo xulgado, xa que a súa taxa de conxestión media é de 1,73, é dicir, recibe asuntos nun 73% máis do que é capaz de resolver cada ano.

Finalmente, a **pendencia media dos Xulgados do Social de Lugo** é de 1,46, e fai un total 1112,6 asuntos/Xulgado en Lugo. A media de conxestión dos xulgados de Lugo é especialmente alarmante, ao ascender ata o 2,43. Un asunto tarda de media en resolverse nos Xulgados do Social desta cidade dous anos, segundo fontes xudiciais.

Sen prexuízo da situación en que se atopa con carácter xeral a Administración de Xustiza en Galicia, que require a adopción inmediata de maiores medidas de carácter material e persoal para dar cumprimento ao dereito fundamental á tutela xudicial efectiva, polo que esta iniciativa se formula sempre en termos de mínimos e necesitada de maiores investimentos anuais para o noso País, atopamos xustificado presentar a seguinte.

Polo anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea presentase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia e, en particular ao seu Presidente e ao Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a:

1. Adoptar a posición de compromiso preferente na solicitude de novos órganos xudiciais para Galicia, a **creación das seguintes unidades**:
  - a. 1 Xulgado do Social na cidade de Santiago de Compostela;
  - b. 1 xulgado do Social na cidade de Lugo;
  - c. 1 Xulgado do Social na cidade de Vigo.
2. Trasladar esta decisión da Cámara e do Goberno galego á Comisión Mixta entre Xunta e Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para os efectos de acadar unha **posición conxunta** nesta solicitude.
3. Trasladar a situación da Administración de Xustiza en Galicia en xeral, e dos Xulgados do Social en particular, ao Ministerio de Xustiza, instándoo a que no vindeiro exercicio económico prevexa a creación, **como mínimo, destras tres unidades xudiciais**, sen prexuízo das demais que por razón de carga de traballo e situación dos xulgados sexan necesarias para paliar



a situación actual de déficit estrutural de dotación de medios persoais, xudiciais e funcionariais.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Portavoz do GP de En Marea.